



TODOS OS PAIS DOS ALUMNOS de ESO e BACHARELATO

Estimadas familias:

Antes de rematar este curso queremos informarvos dos seguintes puntos:

COMEZO DO CURSO:

* **Día 16 de SETEMBRO, LUNS:** Alumnos de ESO e Bacharelato

- Este día só virán de 10:30 h. a 12:00 h. para a distribución dos grupos, recoller horarios, relación de libros de texto, etc.)
- A partires do martes, día 17, o horario será de 8:30 h. a 14:10 h.

SERVIZOS OPCIONAIS:

- **MEDIAPENSIÓN:** Este servizo comezará o luns, día 16. Como en anos anteriores, os alumnos que por calquera circunstancia precisen comer algún día illado no Colexio, recollerán un ticket na portería a primeira hora da mañá. O seu importe será de 9€. O custo mensual será de 129€ (4 días 115€, 3días 86€, 2días 60€ e 1día 32€)
- **TRANSPORTE ESCOLAR:** O custo mensual de 2 viaxes é 84€ e 4 viaxes 99€. Se utilizan o transporte escolar en setembro o autobús sairá ás 15:00 h. facendo as paradas habituais.

LIBROS E MATERIAL ESCOLAR:

- ✓ A todos os alumnos que o desexen proporcionaráselle os libros de texto no Colexio e cobráranse no recibo do mes de outubro.
- ✓ Na páxina web do Colexio ou na da ANPA podedes consultar os listados para 3º e 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato, a partires do día 4 de xullo. 1º e 2º de ESO disporá do Proxecto Edixgal (non terán libros)
- ✓ O material escolar cobrarase no recibo de setembro.

SEGURO DE ACCIDENTES:

- Recordade que este Seguro é para os accidentes que os alumnos teñan no Colexio ou nas actividades extraescolares organizadas polo propio Centro.
- Sempre que aconteza algún accidente tedes que pedir un parte en Secretaría.
- O Centro hospitalario ao que tedes que levar aos accidentados é "**Hospital Modelo**"
- O importe deste seguro cobrarase no recibo do mes de febreiro.

UNIFORMES:

- Insistimos en que o uso do uniforme para os alumnos de 3º de E.S.O. a 2º de Bacharelato é voluntario, **pero os que o utilicen teñen que facelo segundo o modelo establecido:**

Poden seguir utilizando o uniforme antigo durante un curso mais. Podedes consultar a información na páxina web no apartado Servizos - sección uniforme.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O PRÓXIMO CURSO:

- A matrícula das **actividades extraescolares culturais e deportivas** realizarase entre o 27 de xuño e o 25 de agosto. A inscrición deberá realizarse a través da páxina web da ANPA, www.ampaciamaria.com, sendo obrigatoria a inscrición on-line. Durante o mes de setembro, darase a posibilidade de matricularse de foma excepcional solo para aquelas actividades nas que queden plazas sen cubrir.

A matrícula para a **Escola de música** será entre o 20 de xuño e 2 de xullo de xeito presencial. En setembro abrirase un novo prazo do día 9 ao 20. Os formularios de novas matrículas e renovacións están a vosa disposición e entréganse en Secretaría (tamén podedes descargarlos na páxina web no apartado Escola de Música)